



SINOPSE DA OBRA EN “LECTURA FÁCIL”



# DIVINAS PALABRAS REVOLUTION

TRAXICOMEDIA DE ALDEA GLOBAL

a partir de **Ramón María del Valle-Inclán** dirixida por **Xron**

## Presentación do Centro Dramático Galego

O Centro Dramático Galego forma parte da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Creouse no ano 1984.

O Centro Dramático Galego está no Salón Teatro.  
O Salón Teatro está na Rúa Nova, número 4 en Santiago de Compostela  
O Centro Dramático Galego é unha compañía de teatro.  
Fai obras de teatro propias en galego.  
As compañías de teatro son un grupo de persoas que fan obras de teatro.

O Centro Dramático Galego ten como obxectivos:

- Representar obras de teatro de escritoras e escritores galegos.
- Representar obras de teatro de escritoras e escritores importantes de todos os países.
- Representar obras de teatro para nenas e nenos.
- Representar as súas obras de teatro no Salón Teatro.

Por outro lado, O Centro Dramático Galego tamén quere achegar o teatro a todas as persoas e dar a coñecer os profesionais que traballan nas obras de teatro.

## **Presentación da Obra de Teatro “Divinas Palabras Revolution”**

O Centro Dramático Galego presenta a obra de teatro  
Divinas Palabras Revolution.

A obra de teatro Divinas Palabras Revolution  
basease na obra de teatro Divinas Palabras de Ramón del Valle-Inclán.  
Ramón del Valle-Inclán foi un escritor galego.  
Escribiu a obra de teatro Divinas Palabras no ano 1919.

O director da obra Divinas Palabras Revolution chámase Xron.

As actrices e os actores da obra de teatro Divinas Palabras Revolution son:

- Manuel Cortés
- Antón Coucheiro
- Patricia de Lorenzo
- Borja Fernández
- Mónica García
- Tone Martínez
- Victoria Pérez
- Ánxela Rois
- Tomé Viéitez

## Resumen da Obra de Teatro “Divinas Palabras Revolution”

Na obra de teatro Divinas Palabras Revolution os personaxes participan nun programa de televisión.

Sétimo Miau é o presentador do programa.

Neste programa de televisión viven 7 persoas pechadas nunha casa as 24 horas do día.

4 persoas son familia e as outras 3 non.

- **Pedro Gailo**

Pedro Gailo foi Concelleiro do Concello de Melide e tamén formou parte da comisión de festas do Concello.

Agora non traballa, dedícase a coidar a súa familia.

Pedro Gailo está casado con Marigaila e teñen unha filla, que se chama Simoniña.

- **Marigaila**

Marigaila é do concello de Carballo.

Marigaila é ama de casa pero hai anos cantaba nunha orquestra.

Bota de menos a súa vida de cantante

e quere facer cousas novas.

Está casada con Pedro Gailo

e teñen unha filla que se chama Simoniña.

- **Simona do Reino**

A Simona chámase Simoniña.

Simoniña é filla de Pedro Gailo e Marigaila.

É estudante e non sae moito da casa.

Gaña cartos xogando aos videoxogos e gústalle moito a música.

Tamén lle gusta o cómic manga.

Os cómic manga son cómic xaponeses.

- **Marica do Reino**

Marica do Reino é irmá de Pedro Gailo.

Ten un pequeno supermercado en Melide que abre todos os días.

É viúva e non ten fillos.

Marica do Reino pasa o día enteiro no seu supermercado.

Gústalle facer ganchillo e entrar en facebook.

- **Bastián Candás**

Bastián Candás é do Concello de Valga.

Todo o mundo lle chama Candás.

Candás era policía local do Concello de Valga pero botárono do traballo.

A Candás gústanlle moito as festas, o fútbol, o Real Madrid e o programa da televisión de Galicia Land Rober.

- **Rosa Taboada**

Rosa Taboada é do Concello de Cerceda pero viviu en moitos sitios distintos.

Rosa tivo moitos traballos distintos pero agora non traballa.

A Rosa Taboada a xente chámalle Tatoola.

A Tatoola gústanlle moito os animais e as tatuaxes.

Gustaríalle montar unha empresa de tatuaxes.

Tatoola coida moito o seu corpo e a súa saúde.

- **Miguel García**

Miguel García é do Concello de Padrón.

A Miguel gústalle moito saír pola noite.

A xente coa que sae pola noite chámalle o Padronés ou Migueliño.

As persoas chámanlle Migueliño porque parece mais novo do que é.

Miguel é unha persoa inquieta e pensa moito.

A Miguel gustaríalle ter unha parella.

Pedro Gailo e Marica do Reino teñen outra irmá  
que se chama Xoana do Reino.

Xoana do Reino ten un fillo con discapacidade  
que se chama Laureano.

Laureano móvese nunha cadeira de rodas  
e ten dificultades para comunicarse.

Mentres Pedro Gailo e Marica do Reino están no programa de televisión.

Xoana do Reino morre e Laureano queda orfo.

Laureano queda so e ten que entrar ao programa de televisión cos seus tíos.

Marica do Reino e Marigaila discuten

porque as 2 mulleres queren coidar a Laureano.

Marica do Reino e Marigaila deciden coidar as 2 a Laureano.

Tanto Marica do Reino como Marigaila  
queren coidar a Laureano por interese,  
non pensan no seu benestar.

Personaxes da Obra de Teatro “Divinas Palabras Revolution”



Pedro Gailo



Sétimo Miau



Marigalia



Migueliño



Marica do Reino




Candás



Tatoola



Simoniña



Laureano

**Adaptación a lectura fácil:**

FADEMGA Plena inclusión Galicia

**Validación de textos por:**

Blasco López, Antón Roi

Carballo Benito, Manuel

González Riera, Andrés

Toribio-Rodríguez Muiño, Pedro

**Logotipo da portada:**

Logotipo europeo de lectura fácil

© European Easy-to-Read Logo: Inclusión Europe

Máis información en [www.inclusion-europe.org/etr](http://www.inclusion-europe.org/etr)

